

QUENDA	RUTA	DATA	DENOMINACIÓN	LOCALIDADE	PROVINCIA
1	BALEARES	12-18 ABRIL	CP ÁLVARO CUNQUEIRO	MONDOÑEDO	LUGO
1	MURCIA	12-18 ABRIL	C NOSA SRA. DO CARME	BETANZOS	A CORUÑA
1	C. VALENCIANA	3-9 MAIO	C VIRGEN MILAGROSA	MACEDA	OURENSE
1	EXTREMADURA	3-9 MAIO	CP PEDROUZOS	BRIÓN	A CORUÑA
1	GRAN CANARIA	3-9 MAIO	CP LAUREANO PRIETO	A GUDIÑA	OURENSE
1	LA RIOJA	3-9 MAIO	CP ROSALÍA DE CASTRO	BÓVEDA	LUGO
1	MADRID	3-9 MAIO	C LA INMACULADA	PONTEAREAS	PONTEVEDRA
1	NAVARRA	3-9 MAIO	CP SERRA DE OUTES	OUTES	A CORUÑA
1	SALAMANCA	3-9 MAIO	CP XOSÉ NEIRA VILAS	GONDOMAR	PONTEVEDRA
1	SORIA	3-9 MAIO	CP GRAXAL II	CAMBRE	A CORUÑA
1	C. VALENCIANA	24-30 MAIO	CP FELICIANO BARRERA	PONTEAREAS	PONTEVEDRA
1	CATALUÑA	24-30 MAIO	C NTA. SRA. ASUNCIÓN	SARRIA	LUGO
1	NAVARRA	24-30 MAIO	CP LUIS TOBÍO	VIVEIRO	LUGO
1	SORIA	24-30 MAIO	CP SANTIAGO DE OLIVEIRA	PONTEAREAS	PONTEVEDRA
1	ARAGÓN	31 MAIO-6 XUÑO	CP XOSÉ MANUEL FOLLA RESPINO	V. DE VALDEORRAS	OURENSE
2	NAVARRA	27 SETEMBRO-3 OUTUBRO	CP CARLOS CASARES	NIGRÁN	PONTEVEDRA
2	SALAMANCA	27 SETEMBRO-3 OUTUBRO	CP VIRXE DO CARME	BURELA	LUGO
2	TOLEDO	27 SETEMBRO-3 OUTUBRO	CP ANTONIO PEDROSA LATAS	VIVEIRO	LUGO
2	ANDALUCÍA OCCIDENTAL	4-10 OUTUBRO	CP VENTÍN	AMES	A CORUÑA
2	BURGOS	4-10 OUTUBRO	C LA GRANDE OBRA DE ATOCHA	A CORUÑA	A CORUÑA
2	C. VALENCIANA	4-10 OUTUBRO	CP SAN ISIDRO	NEDA	A CORUÑA
2	CATALUÑA	4-10 OUTUBRO	C GUILLELME BROWN	O PEREIRO DE AGUIAR	OURENSE
2	MADRID	4-10 OUTUBRO	CP MOSTEIRO CAAVEIRO	A CAPELA	A CORUÑA
2	PAÍS VASCO	4-10 OUTUBRO	C SAGRADO CORAZÓN	O CARBALLIÑO	OURENSE
2	SALAMANCA	11-17 OUTUBRO	C SAGRADO CORAZÓN	CELANOVA	OURENSE
2	SORIA	11-17 OUTUBRO	CP SAN TOMÉ	CAMBADOS	PONTEVEDRA
2	ARAGÓN	18-24 OUTUBRO	CP MONTERROSO Nº 1	MONTERROSO	LUGO
2	BURGOS	18-24 OUTUBRO	CP CASTRELO	CAMBADOS	PONTEVEDRA
2	LA RIOJA	18-24 OUTUBRO	CP VILARMIDE	MUXÍA	A CORUÑA
2	NAVARRA	18-24 OUTUBRO	CP IRMÁNS VILLAR	OURENSE	OURENSE
2	TOLEDO	18-24 OUTUBRO	C DIVINO MAESTRO	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
2	PAÍS VASCO	25-31 OUTUBRO	C LA MERCED	SARRIA	LUGO
2	EXTREMADURA	15-21 NOVENBRO	C PABLO VI-FÁTIMA	A RÚA	OURENSE
2	MADRID	15-21 NOVENBRO	C LA PURÍSIMA	OURENSE	OURENSE
2	TENERIFE	15-21 NOVENBRO	CP LUIS DÍAZ MORENO	BARALLA	LUGO
2	ANDALUCÍA OCCIDENTAL	22-28 NOVENBRO	CP ALEXANDRE BÓVEDA	REDONDELA	PONTEVEDRA

CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Orde do 30 de decembro de 2004 pola que se convocan subvencións para a creación de establecementos hoteleiros do litoral galego.

Calquera actuación de política turística que teña como finalidade a modernización das infraestruturas e os servizos, así como a oferta dun amplo abano de posibilidades de aloxamento debe apoiarse na industria hoteleira como protagonista principal e factor clave dela.

Na nosa comunidade autónoma esta modernización implica, xa non unicamente a calidade nos servizos, senón tamén a incorporación das novas exixencias do usuario turístico interesado na paisaxe, o mar, a tranquilidade e a natureza, pero tamén interesado nas tradicións e culturas milenarias que ofrece o pobo galego.

Dentro desta Galicia única, de ampla diversidade turístico-cultural, estase no tempo de fomentar e crear novas modalidades de aloxamentos turísticos e diversificar a oferta da comunidade galega, xerando emprego e riqueza mediante o aproveitamento racional dos recursos.

Así, o turismo en Galicia encóntrase en fase de rápida expansión, pois ofrece múltiples e variadas posibilidades aos visitantes, paisaxes agrarios e de litoral, arquitectura popular, gastronomía ..., todo combinado coa cultura e tradicións galegas.

Neste eido de actuación que presenta a nosa comunidade como un conxunto infinito de posibilidades turísticas, posiblemente o que resulta máis sorprendente para o turista sexa o amplo litoral salpicado de praias e poboacións pesqueiras que dispoñen de útiles e formas de traballo únicos, con embarcacións tradicionais e uns costumes, ás veces primitivos, que forman un conglomerado cultural case descoñecido para gran parte dos cidadáns.

É precisamente neste ámbito costeiro onde, nos últimos tempos, comeza, e cada vez con máis intensidade, a despuntar unha demanda turística interesada, o mesmo tempo que pola paisaxe e a natureza do litoral, pola tradición, cultura, peculiaridades, quefacer mariñeiro e, en definitiva, o mundo do mar.

Esta especial demanda turística relacionada co mar, leva consigo a dun tipo de aloxamento situado nun medio, tanto etnográfico e social como arquitectónico, relacionado coa actividade do litoral que permita un achegamento, o máis intenso posible, incluso a través da propia experiencia persoal, ao mundo do mar. Este achegamento así entendido permitirá guiar ao viaxeiro polo camiño dun maior coñecemento da cultura galega representado, neste caso, mediante a creación dun tipo de aloxamento hoteleiro baseado na recuperación e rehabilitación das edificacións tradicionais galegas vinculadas ao mar xa preexistentes, sempre e cando se manteña o seu carácter, por entender que a rehabilitación e recuperación do patrimonio edificado é unha cuestión fundamental desde o punto de vista da sustentabilidade do medio.

Galicia, como comunidade pesqueira por excelencia, ten os elementos necesarios para este tipo de actividade, existindo nela toda unha serie de construcións, tanto vivendas mariñeiras como industrias auxiliares, relacionadas co mar (estaleiros, serrarías, fábricas de salgadeira, conserveiras, carpintarías de ribeira..., que, debidamente acondicionadas, poden ser destinadas a aloxamentos hoteleiros.

En todo caso, o acondicionamento destas construcións debe realizarse a través de proxectos que afonden no coñecemento das tradicións e do lugar onde están situadas respectando as estruturas propias das edificacións de forma que exista un perfecto equilibrio entre a edificación e a súa contorna e tradición de uso, contribuíndo, ao mesmo tempo, ao embelecemento das fachadas marítimas nas poboacións costeiras.

Deste xeito, a finalidade desta orde é fomentar a creación deste tipo de establecementos a través da súa rehabilitación ou restauración nun espazo físico que polas súas características determine a creación dun hotel de mar, o que poderíamos configurar en atención á súa localización nas zonas costeiras do litoral galego e a súa actuación sobre edificacións tradicionais xa preexistentes.

En consecuencia, e con cargo aos créditos da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo asignados para esta finalidade, así como os límites de intensidade establecidos no Decreto 172/2001, do 12 de xullo, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, e todo isto consonte o establecido sobre medidas de fomento no artigo 73 da Lei 9/1997, do 21 de agosto, de

ordenación e promoción do turismo en Galicia, en concordancia co sinalado no artigo 74 da dita lei e tendo en conta o determinado no Decreto 287/2000, do 21 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e tendo en conta as determinacións da orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas do 27 de novembro de 2000 e 25 de outubro de 2001, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, convócanse axudas destinadas á creación dos hoteis de mar. Por todo o antedito,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Poderán ser obxecto de subvención, de acordo co establecido nesta orde, os investimentos dirixidos á creación de hoteis, mediante á rehabilitación ou restauración de construcións situadas nos espazos costeiros, sempre que polas súas características permitan a oferta de aloxamento, restauración e outros servizos complementarios, e que con base no establecido no Decreto 267/1999, do 30 de setembro, de ordenación dos establecementos hoteleiros, poidan incluírse en calquera das especialidades de hotel descritas no citado decreto, e que, polas características de localización na zona costeira e tipo de edificación, se poidan catalogar para efectos de comercialización como hoteis de mar, comprensivo tanto de construcións singulares do litoral como vivendas mariñeiras, debendo ser edificios en que se poida demostrar unha antigüidade anterior ao ano 1954.

Para os efectos da concesión da subvención da presente orde considerarase como:

Espazo costeiro: zona de influencia litoral correspondente aos espazos terrestre e marítimos onde se faga sentir a influencia dalgunhas das actividades do litoral, con unha largura que poderá chegar aos 1.000 m de distancia da costa, excluída en todo caso a zona de servidume de protección e a zona de dominio público marítimo terrestre.

Construcións singulares do litoral: as que aloxen ou aloxasen instalacións industriais relacionadas coa pesca e outras actividades relacionadas co mar, como fábricas de salgadeira, conserveiras, carpintarías de ribeira, secadoiros, almacéns, cetarias,... que posúan interese arquitectónico.

Casa ou vivendas mariñeiras: aquelas que presenten as principais características tipolóxicas deste tipo de vivendas, especialmente cando sexan recoñecibles os elementos típicos destas edificacións: galerías acristaladas, corredores de madeira, soporrais en planta baixa, patíns de cantaría, agrupacións

en ringleira, muros de carga de pedra e outros que sexan tradicionais destas vivendas e da zona de localización específica.

Considérase investimento subvencionable tanto a execución material das obras que se emprendan para a creación dos hoteis obxecto desta orde como, se é o caso, a adecuación do medio e as actuacións de recuperación ambiental e dos elementos de arquitectura, e os honorarios técnicos. Non se considera subvencionable ningún tipo de equipamento nin mobiliario. Así mesmo, tampouco formará parte do investimento subvencionable a lenzaría, menaxe, vaixelas e análogos nin a adquisición de terreos, nin ningún tipo de taxa ou imposto.

Artigo 2º.-Determinacións orzamentarias.

A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo imputará estas subvencións á aplicación orzamentaria 10.05.651A.770.5 destinándose un crédito polo importe de 2.760.000 € distribuído en 3 anualidades, a saber, no ano 2005, 1.200.000 €, no ano 2006, 840.000 € e no ano 2007, 720.000 €. Como as subvencións concedidas teñen carácter plurianual, aplicarase o que dispoñen os artigos 16.2º e 17 do Decreto 287/2000, do 21 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, para os efectos do pagamento correspondente ás anualidades dos exercicios de 2005, 2006 e 2007, sendo nestas axudas posible a concorrencia con calquera outra axuda para o mesmo obxecto e finalidade, pero o seu importe, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións e axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere a porcentaxe máxima do investimento subvencionable segundo o legalmente establecido.

Os proxectos que se recollen nesta orde como accións subvencionables poderán acadar unha axuda económica de ata o 30%, sobre o investimento subvencionable. Á dita cantidade engadiráselle 6.100 €. Por posto de traballo que se cree con carácter indefinido e que supere a porcentaxe mínima de contratación estable que, para ser beneficiario de subvención, se exige nesta orde. A porcentaxe máxima de axuda non poderá superar, en ningún caso, o 40% do custo do proxecto en termos de subvención neta.

O importe total da subvención será distribuído en tres anualidades.

No caso de que os proxectos presentados ao concurso de subvención obxecto desta orde fosen de tal importancia para os obxectivos turísticos e tal feito determinase que se fixese preciso ampliar o importe do crédito determinado neste artigo, a Dirección Xeral de Turismo fará a correspondente proposta nos termos establecidos na normativa orzamentaria.

Artigo 3º.-Requisitos dos beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios da subvención para a creación de establecementos hoteleiros no litoral

galego os titulares das construcións en que se poidan realizar os investimentos obxecto da subvención, segundo o sinalado no artigo 1º desta orde.

Así mesmo, poderán ser beneficiarios da subvención as persoas físicas ou xurídicas que, sen seren propietarias das construcións en que se poidan realizar os investimentos obxecto de subvención, teñan, por calquera título válido en dereito, unha disposición do inmovible que permita realizar o investimento obxecto de subvención así como a explotación do establecemento, durante un período, non inferior a 20 anos, contado desde a data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. En calquera caso, o título de disposición terá que ser outorgado en escritura pública e estar inscrito nun rexistro público. En calquera caso o beneficiario da subvención terá o pleno uso e desfrute do inmovible.

Ademais do establecido Decreto 267/1999, do 30 de setembro, de ordenación dos establecementos hoteleiros, os investimentos que se subvencionen deberán cumprir as seguintes condicións:

a) Os proxectos serán de rehabilitación ou restauración, mantendo e recuperando a memoria histórica do inmovible e o seu medio. Os elementos de construción ex novo ou ampliacións de volume limitaranse a aqueles que respondan a criterios de seguranza e saúde ou a razóns ineludibles de necesidade de programa pola adaptación ao novo uso e, en todo caso, nunca superarán o dez por cento do volume orixinal, e estarán condicionados á aprobación da Dirección Xeral de Turismo.

b) Deberán ser respectuosos coa estrutura da edificación.

c) Manteranse volumes e formas preexistentes, valorarase positivamente a utilización de materiais e acabamentos tradicionais, propios da zona e condicións do inmovible.

d) Recuperaranse as estruturas tradicionais.

e) Terase especial atención a resolución da cuberta, o tratamento de fachadas, galerías acristaladas, abufardados, soportais e lucernarios, evitando no posible elementos alleos á edificación orixinal.

f) Deberanse formular no proxecto solucións específicas no que se refire ao tratamento da auga e evacuación de residuos.

g) Poderase formular a posibilidade de integrar no proxecto unha ou máis edificacións, sempre que formen un conxunto homoxéneo, encadradas no mesmo predio e do mesmo titular; en edificacións agrupadas, especialmente cando formen ringleira, conservaranse aqueles elementos que caracterizan as edificacións individuais, como son os muros medianís, largos de edificación en planta e alzado, ou outros elementos determinantes á hora de entender a súa orixe individual.

h) Ademais da presentación dun proxecto que cumpra os condicionantes anteriores, poderase presentar un segundo proxecto alternativo que forneza solucións construtivas actuais e incluso novos materiais, sempre e cando concorra a seguinte circunstancia.

1. O proxecto será global, é dicir, comprenderá todas as obras e instalacións, non só as pertencentes á propia edificación senón tamén, se é o caso, as da contorna afecta á propiedade do predio, debéndose respectar as características peculiares do lugar.

O devandito proxecto só será avaliado logo de informe favorable do Servizo de Investimentos e Supervisión Técnico Turístico.

Artigo 4.-Obrigas dos solicitantes.

Os solicitantes da subvención para a creación de establecementos hoteleiros no litoral adquiren os seguintes compromisos e obrigas:

1. Iniciar a súa actividade turística provistos da correspondente autorización de apertura da Administración turística, incluídos todos os servizos determinados no proxecto presentado ao concurso de subvención, no prazo máximo de 6 meses, contados a partir da data da xustificación final do investimento.

2. Manter a súa actividade durante un período mínimo de 15 anos, contados desde a data de concesión de autorización de apertura expedida pola Administración turística. Así mesmo, e de conformidade co artigo 8.5º do Decreto 172/2001, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, e o número 4.10 das directrices comunitarias sobre axudas de Estado de finalidade rexional, deberán manter os investimentos subvencionados durante un período mínimo de 5 anos.

3. Crear os postos de traballo a que se comprometen na declaración xurada reflectida no anexo II nun prazo de 5 anos contados desde a data da realización íntegra do investimento subvencionado e mantelos durante un período de 5 anos.

4. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e ás de control financeiro que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas.

5. Comunicar á Dirección Xeral de Turismo da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

6. Adscribirse á central de reservas que, de ser o caso, cree a Administración turística galega.

7. Executar o proxecto de total conformidade co presentado ao concurso de subvención ou, de ser

o caso, co modificado coa autorización da Administración turística galega.

8. Facilitar datos, de forma periódica ou logo de requirimento da Administración turística galega, sobre a ocupación rexistrada no establecemento.

9. Reintegrar total ou parcialmente o importe percibido pola subvención concedida, así como os correspondentes xuros de demora producidos desde o momento do pagamento nos seguintes casos:

-Por incumprimento dos compromisos e obrigas relacionados neste artigo.

-Incumprimento da obriga de xustificación nos prazos e termos establecidos nesta orde.

-Ter obtido a subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión.

-Incumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

-Superar a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que legalmente se estableza.

Artigo 5º.-Solicitudes e documentación.

1. As solicitudes de subvención e a documentación que a seguir se especifica, presentaranse, por duplicado exemplar, na Delegación Provincial da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, correspondente á localización do investimento, en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, no prazo de corenta días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

a) Solicitud segundo o anexo I.

b) Anexo II.

c) Copia cotexada do documento público que acredite que o solicitante da subvención é propietario dos inmobles obxecto da rehabilitación. No caso de existir propiedade pro indivisa, deberase fornecer poder notarial dos copropietarios, outorgando representación ao solicitante, que deberá ser un deles, para actuar neste procedemento e asumir os compromisos derivados do establecido nesta orde. No caso de non ter a propiedade dos inmobles a restaurar para establecemento hoteleiro, o solicitante da subvención achegará copia cotexada do documento que acredite a disposición dos inmobles que permita realizar o investimento obxecto da subvención, así como a explotación do establecemento durante un período non inferior a 20 anos, contado desde a data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. O dito título de disposición terá que ser outorgado en escritura pública e estar inscrito nun rexistro público. En calquera caso o solicitante da subvención terá o pleno uso e desfrute dos inmobles.

d) Copia cotexada do DNI e do NIF do solicitante ou do CIF cando corresponda.

e) Para os proxectos promovidos por persoas xurídicas, fornecerase escritura cotexada de constitución ou modificación, se é o caso, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil, na cal se indicará, con dilixencia do seu secretario, que os estatutos son os vixentes.

f) Licenza urbanística que posibilite a execución do investimento para o que se solicita a subvención. No caso de carecer dela no momento de realizar a solicitude de subvención, presentárase informe urbanístico emitido polo concello onde especificamente se determine se a execución do proxecto para que se solicita subvención é conforme coa legalidade urbanística vixente. Coa primeira solicitude de pagamento será obrigatoria a presentación da antedita licenza urbanística.

No caso de que a solicitude de subvención sexa para a rehabilitación daquelas construcións que estean situadas no solo rústico de protección de costas (segundo o establecido na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia), é dicir, a unha distancia inferior a 200 m do límite interior da ribeira do mar, achegarase xunto coa solicitude de subvención, a autorización autonómica de uso en solo rústico (segundo o procedemento establecido na dita Lei 9/2002).

g) Autorizacións pertinentes respecto da actuación a subvencionar conforme o disposto na Lei de costas 22/1988, e no seu Regulamento 1471/1989, Lei 62/1997, de portos, modificada pola Lei 43/2003, e Decreto 199/2004, do 29 de xullo, sobre competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público terrestre.

h) Proxecto básico, elaborado por técnico facultativo competente, e visado no colexio profesional correspondente que conterà, ademais a xustificación da antigüidade do edificio:

-Fotografías do inmovible, exteriores, interiores e da contorna.

-Memoria explicativa do proxecto e xustificación das solucións adoptadas.

-Memoria histórica do edificio.

-Orzamento do investimento en que se incluírá, especificándose cada un deles, o importe da execución material así como o custo da redacción do proxecto e da dirección de obra e todo o equipamento proposto.

-Planos de localización do investimento.

-Planos do estado actual e do proxecto.

-Indicación dos materiais e acabamentos propostos.

-Indicación dos mobles e equipamentos que se van instalar.

-Prazo previsto de execución.

-Memoria explicativa, asinada polo promotor, do tipo de servizos que se prestarán no establecemento.

-Memoria explicativa das accións encamiñadas á implantación de sistemas de calidade específicos para empresas hoteleiras que conduzán á obtención da correspondente certificación de aseguramento de calidade.

-Proxecto de decoración de toda a edificación e actuacións na contorna.

O dito proxecto deberá ter o informe favorable do xefe de Servizo de Investimentos e Supervisión Técnico-Turística da Dirección Xeral de Turismo.

-Proxecto de explotación do establecemento.

i) Se é o caso, solicitude debidamente motivada para que, por circunstancias de estacionalidade da actividade ou de especiais dificultades do sector ou da empresa concreta, se lle solicite á Comisión Delegada da Xunta de Galicia para Asuntos Económicos que autorice de xeito excepcional a non existencia de porcentaxe mínima de emprego estable para obter a consideración de beneficiario da axuda.

j) Declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para actividades obxecto desta orde, polas distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

2. Os interesados emendarán os defectos das solicitudes de subvención que o precisen, segundo o sinalado no artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. De non facelo, teranse por desistidos na súa petición despois de resolución ditada para o efecto.

3. As compulsas que procedan para toda a documentación que se especifica nesta orde faranse nos correspondentes servizos centrais ou provinciais da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

Artigo 6º.-Selección das solicitudes e resolución.

As solicitudes, a que se lles xuntará un informe emitido pola Delegación Provincial de Turismo, no cal se deberá indicar se o proxecto para que se solicita subvención cumpre a normativa de ordenación turística así como a clasificación hoteleira que lle correspondería, serán estudadas por unha comisión técnica constituída pola titular da Subdirección Xeral de Fomento e Cooperación, que a presidirá, actuando como vogais un representante de cada unha das delegacións provinciais da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, os xefes dos servizos provinciais de Turismo e os xefes do Servizo de Fomento e Promoción, xefe do Servizo de Investimentos e Supervisión Técnico-Turística, xefe do Servizo de Ordenación do Turismo, xefe da Área de Xestión de Calidade de Turgalicia y xefe da Área de Turismo Rural de Turgalicia.

1. Para a valoración das solicitudes teranse en conta, en orde decrecente, os seguintes criterios:

1º Localización do investimento atendendo á súa situación e para isto terase en conta: zonas costeiras de carácter eminentemente pesqueiro con tendencia á despoboación ou afectadas pola recesión da actividade pesqueira, comunidades pesqueiras, zonas costeiras con elementos configuradores de produto turístico náutico o pola súa fisonomía tradicional mariñeira, o interese do espazo en relación con figuras de protección ambiental ou a declaración oficial como turístico do municipio, así como estar localizado o investimento nun municipio incluído nun plan de dinamización ou excelencia turística.

2º Investimentos que se xunten como proxecto de explotación, a creación de actividades relacionadas co mar e de integración do turista-visitante no mundo de todo o que rodea a pesca, a acuicultura e vida os mariñeiros, destacando entre outras as seguintes actividades: pesca recreativa, coñecer as artes da pesca, redes e demais utensilios, visitas a instalacións como confrarías de pescadores, faros, casetas antigas.

3º Estado actual e características da edificación conforme parámetros arquitectónicos que permita a súa utilización turística atendendo fundamentalmente á recuperación do patrimonio tradicional mariñeiro.

4º Oferta de servizos proxectada para o establecemento que supere a exixida pola normativa reguladora do establecemento.

5º Análise do destino en relación á calidade dos accesos, das infraestruturas básicas e á oferta de servizos de utilización turística.

6º Número de postos de traballo que se van crear e o grao de estabilidade destes.

7º Incorporación a plans de calidade normalizados e recoñecidos nos mercados, en particular os homologados polo instituto da calidade turística española.

8º Que o solicitante sexa beneficiario dun programa de novos emprendedores do Instituto Galego de Promoción Económica.

9º A incidencia que nos recursos turísticos ten na área do investimento consonte os estudos e análises aprobadas pola Dirección Xeral de Turismo.

10º Non estar localizado o investimento nun municipio incluído nalgún outro programa de axuda que persiga os mesmos fins.

2. Esta comisión, á vista dos expedientes, dos informes emitidos, así como dos informes que considere necesarios, analizará e cualificará os proxectos e, tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias, elevará á directora xeral de Turismo a valoración adoptada. Desta valoración redactarase a correspondente acta.

3. O conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo ditará as resolucións de concesións ou,

se é o caso, de denegación de subvencións. Contra estes actos resolutivos, que esgotan a vía administrativa, poderá o interesado interpor potestivamente recurso de reposición no prazo dun mes ante o titular desta consellería ou recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de dous meses, contados ambos os prazos desde a recepción da notificación da resolución. A resolución de concesión determinará o importe da subvención concedida, con cargo ás disposicións orzamentarias para os anos 2005, 2006 e 2007.

4. Se por calquera motivo, e durante o exercicio económico, houberse máis crédito orzamentario para a concesión de subvencións obxecto desta orde, vistos os acordos da comisión técnica e a proposta formulada pola directora xeral de Turismo, poderanse conceder subvencións aos expedientes que non a recibisen ou ben, de ser posible, poderase incrementar os importes das xa concedidas ao abeiro desta orde, sempre que non acadasen a porcentaxe máxima do 40% determinada anteriormente.

5. No caso de concesión de subvención após a resolución dun recurso administrativo, as datas para a presentación da documentación a que fai referencia o artigo 7º.1 desta orde, así como os prazos establecidos no artigo 9º.1 teranse que determinar no acto que resolva o dito recurso. Estas datas e prazos no poderán ser, en ningún caso, posteriores ao 30 de xuño de 2007.

6. Entenderanse desestimadas as solicitudes sobre as cales non recaese resolución expresa no prazo de seis meses contados desde a data de publicación da orde.

Artigo 7º.-Requisitos das subvencións.

1. No prazo de 40 días naturais, contados desde o día seguinte á notificación de concesión da subvención, os beneficiarios presentarán na Dirección Xeral de Turismo a seguinte documentación (por duplicado exemplar):

a) Aceptación da subvención segundo o modelo do anexo III.

b) Proxecto de execución definitivo visado polo colexio profesional correspondente, da acción subvencionada, no cal se incluírá programa de obras que determinará a previsión anual de execución do investimento, consonte a resolución de concesión, e copia cotexada do nomeamento da dirección de obra.

O dito proxecto e programa teñen que ser conformes co determinado na resolución de concesión da subvención, e para os efectos da súa validez para incorporar ao expediente, deberá recibir informe favorable do xefe do Servizo de Investimentos e Supervisión Técnico-Turística da Dirección Xeral de Turismo.

c) Certificación da entidade bancaria acreditativa do número de conta e do CIF/NIF do beneficiario.

Se a documentación non reúne os requisitos necesarios, concederase un prazo de dez días para cumprilos segundo o establecido no artigo 76 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Transcorrido o sinalado prazo de corenta días naturais ou o de requirimento, de ser o caso, procederase a declarar os interesados que non cumpran o sinalado neste artigo decaídos no seu dereito ao trámite correspondente despois de resolución ditada para o efecto, e anularase a subvención concedida.

Artigo 8º.-Obligas dos beneficiarios.

1. Os beneficiarios da subvención deberán comezar a execución do proxecto durante o ano 2005, debendo estar rematado con tempo suficiente para xustificar o investimento subvencionado dentro dos prazos establecidos nesta orde, aínda que tamén poden ser subvencionados os proxectos iniciados con anterioridade ao ano 2005, sempre e cando os solicitantes presenten certificación valorada, asinada por técnico facultativo, das obras realizadas, as cales non computarán para os efectos de investimento subvencionable.

2. Os proxectos que se subvencionen deberán cumprir o disposto na Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, e as normas regulamentarias de desenvolvemento.

Artigo 9º.-Xustificación e pagamento das subvencións.

1. Os beneficiarios das subvencións concedidas terán como data límite para a presentación da xustificación do investimento executado, que se deberá realizar de conformidade co programa de obras, as seguintes:

Fase de 2005: 1 de novembro de 2005.

Fase de 2006: 1 de outubro de 2006.

Fase de 2007: 30 de xuño de 2007.

Se a documentación non reúne os requisitos necesarios, concederase un prazo de dez días para cumprilos segundo o establecido no artigo 76 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, procedendo a declarar decaídos no seu dereito os interesados que non cumpran o disposto neste artigo, despois de resolución dictada para o efecto.

De non xustificarse o investimento executado correspondente á primeira anualidade, quedará anulada toda a subvención.

De non xustificarse o investimento executado nos prazos indicados, anularase a subvención correspondente a esa anualidade.

2. O investimento xustificado deberá coincidir coa resolución de concesión da subvención ou coas modificacións ou prórrogas autorizadas. Se o investimento xustificado for menor, e sempre mantendo os fins para que se concedeu a subvención, esta reducirase proporcionalmente ao investimento xustificado.

3. Para percibir a subvención, os beneficiarios remitirán á Dirección Xeral de Turismo, por triplicado exemplar, a seguinte documentación:

3.1. Solicitude de cobramento segundo o modelo do anexo IV.

3.2. Facturas e certificación por conceptos, modelo oficial que se compón de primeira páxina, certificación á orixe, por partidas e capítulos segundo medicións e prezos recollidos no proxecto execución, elaborado polo arquitecto e arquitecto técnico da obra, relativa á obra executada coa súa valoración e, no caso de obra rematada, tamén se presentará certificado de fin de obra.

3.3. Certificacións de estar ao día nas obrigas tributarias coas facendas do Estado e da Comunidade Autónoma e nas obrigas coa Seguridade Social.

3.4. Antes do derradeiro aboamento, os beneficiarios deberán presentar, xunto co resto da documentación, declaración de conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para a actividade obxecto desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

3.5. Licenza urbanística que posibilite a execución do investimento subvencionado. O dito documento é preceptivo. De non presentalo coa primeira solicitude de pagamento, a Dirección Xeral de Turismo anulará a subvención concedida.

3.6. Acta de manifestacións, en escritura pública, onde se recollan os compromisos as que se fai referencia no artigo 4º e no anexo II desta orde. Será obrigatorio presentar este documento coa primeira solicitude de pagamento.

3.7. Cando se solicite o pagamento da anualidade de 2005 ou de 2006 ou de 2007, ademais da presentación da documentación indicada neste artigo, tamén deberán concorrer as seguintes circunstancias e condicións a que fai referencia o artigo 16.2º do Decreto 287/2000, do 21 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia:

a) Deberá solicitalo o interesado.

b) Deberá xustificarse non só o investimento senón os pagamentos efectuados na mesma proporción que represente o pagamento parcial respecto á subvención concedida ata ese momento con cargo ao proceso de investimento aprobado.

c) O importe que se poida satisfacer por pagamentos parciais non poderá exceder en ningún caso a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario

nin tampouco superar o 80% do total da subvención concedida.

d) Os pagamentos parciais quedarán condicionados ao resultado da liquidación definitiva da subvención.

3.8. En calquera caso os pagamentos parciais teranse que garantir conforme o determinado no artigo 17 do anteriormente sinalado Decreto 287/2000, do 21 de decembro.

A garantía ou aval deberá cubrir o importe dos anticipos ou pagamentos fraccionados xunto cos xuros destes calculados ao tipo de xuro legal do diñeiro vixente no momento da concesión e polo prazo que medie entre a data da solicitude e, como mínimo, aquela en que se cumpran dous meses da do remate do prazo de xustificación previsto na norma reguladora ou convocatoria.

Unha vez comprobada a realización da actividade ou proxecto para que se concedeu a subvención, as garantías serán liberadas.

Poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto desta orde e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

Disposicións adicionais

Primeira.-A condición de beneficiario da subvención, sen prexuízo dos demais requisitos que nela se establecen, só poderá adquirirse cando alomenos o 35% do cadro de persoal que dependa do titular do establecemento teña contratos por tempo indefinido.

No caso de empresas de nova creación, poderá adquirirse a condición de beneficiario da subvención cando exista o compromiso de acadar como mínimo o 35% de estabilidade laboral ao remate do prazo de 5 anos.

A porcentaxe de estabilidade mínima laboral, no caso de empresas con menos de 10 traballadores e para os efectos de adquirir a condición de beneficiario de subvención, será dun 33%.

Non será preciso dar cumprimento aos anteditos requisitos de estabilidade laboral no caso de que a subvención concedida sexa inferior a 60.101 €.

En todo caso, non será exixible o requisito de estabilidade mínima laboral en relación aos centros de traballo radicados fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda.-As modalidades de contratos aceptados nesta orde, para os efectos de creación de emprego, son:

-Autoemprego.

-Indefinidos.

-Fixos-descontinuos.

Deberá sinalarse se a xornada a desempeñar e a tempo completo ou se se trata de xornada partida.

Todo isto con independencia de se a cotización á Seguridade Social se fai a través do réxime xeral ou especial de traballadores por conta allea ou polo de traballadores autónomos.

Se for o caso, e para o cálculo da equivalencia ao ano, procederase a dividir a suma de horas traballadas pola xornada anual de actividade, determinando este resultado o número de postos creados.

O cumprimento das condicións relativas á creación de emprego acreditarase mediante o oportuno certificado do organismo laboral competente.

Terceira.-De xeito excepcional, coa solicitude de subvención poderá presentarse coa debida motivación, en casos de estacionalidade da actividade ou de especiais dificultades dun sector ou dunha empresa concreta, solicitude á Comisión Delegada da Xunta de Galicia para Asuntos Económicos de non exixencia da porcentaxe mínima de emprego estable para obter a consideración de beneficiario da axuda.

Cuarta.-Para os efectos desta orde, entenderase como creación de emprego a reconversión de postos de traballo temporais en postos de traballo fixos.

Disposición transitoria

Todos os actos ditados nos expedientes de gasto regulados ao abeiro desta orde se entenderán condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron aqueles. A concesión das subvencións reguladas nesta orde estará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

Disposición derradeira

En todo o non recollido nesta orde aplicarase o disposto para esta materia no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e as súas disposicións de desenvolvemento, así como no Decreto 287/2000, do 21 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e nas correspondentes leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2004.

Jesús Pérez Varela
Conselleiro de Cultura, Comunicación Social
e Turismo



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA,
 COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

ANEXO I



PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA A CREACIÓN DE ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS DO LITORAL GALEGO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CJ983C	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS / RAZÓN SOCIAL	NOME	NIF / CIF
ENDEREZO	MUNICIPIO	CÓDIGO POSTAL
ACTUANDO NO SEU NOME E REPRESENTACIÓN ¹		NIF
ENDEREZO PARA NOTIFICACIÓNS (INDÍQUESE ENDEREZO COMPLETO CON C. POSTAL E MUNICIPIO)	TELÉFONO	E-MAIL E/OU FAX
PERSOA DE CONTACTO EN CASO DE AUSENCIA DO SOLICITANTE	TELÉFONO	E-MAIL E/OU FAX

LOCALIZACIÓN E DESCRICIÓN DO PROXECTO

MUNICIPIO/PROVINCIA	ESPECIALIDADE DO ESTABLECEMENTO	Nº ESTRELAS
<p>CUSTO DO INVESTIMENTO</p> Execución material _____ € Honorarios técnicos _____ € Importe neto _____ € Imposto-taxas _____ € TOTAL _____ €		<p>FINANCIAMENTO DO PROXECTO</p> Recursos propios _____ € Préstamos _____ € Préstamos Pemes _____ € Outras subvencións _____ € TOTAL _____ €

EXPÓN:
 Que, vista a orde de subvencións publicada no DOG nº __, do _____ de 200__, e considerando reunir os requisitos exixidos de conformidade coa memoria e demais documentación que se presenta e coa expresa aceptación de todos os termos da convocatoria, e coa finalidade de emprender o proxecto de _____²,

SOLICITA:
 Unha axuda para completar o financiamento do sinalado proxecto.

¹ Neste caso débese actuar no procedemento consonte o artigo 32 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das admóns. públicas e PAC.

² Tense que poñer o obxecto do investimento, segundo o proxecto presentado.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 30 de decembro de 2004 pola que se convocan subvenciones para a creación de establecementos hoteleiros do litoral galego.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL _____ de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		/ /
		DATA DE ENTRADA
		/ /
		DATA DE EFECTOS
		/ /
		DATA DE SAÍDA
		/ /
REVISADO E CONFORME		

Directora xeral de Turismo
 Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo

ANEXO II
DECLARACIÓN XURADA

A) EMPRESAS XA CONSTITUÍDAS ³:

RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA	REPRESENTANTE LEGAL
Nº DE TRABALLADORES DA EMPRESA	
TOTAL (EN NÚMERO E EN LETRA)	PORCENTAXE DE EMPREGOS ESTABLES CON RESPECTO AO TOTAL
CON CONTRATO ESTABLE (EN NÚMERO E EN LETRA)	_____ %

Como representante legal da empresa, declaro baixo xuramento:

- 1.- Que os anteditos datos son certos.
- 2.- Que me comprometo a crear, co investimento para que se solicita a subvención, _____ (en letra) postos de traballo indefinidos, e que a creación destes se realizará nun prazo de 5 anos contados desde a data de autorización de apertura concedida pola Administración turística.
- 3.- Que me comprometo a acadar e manter a porcentaxe mínima de estabilidade laboral, nun prazo de 5 anos, nos termos establecidos nesta orde de subvencións, respecto das novas contratacións que deriven do proxecto de investimento para que se solicita subvención.

_____, ____ de _____ de 200__.

O/A REPRESENTANTE LEGAL

ASDO.: _____ (NOME E APELIDOS)

B) EMPRESAS QUE SE VAN CONSTITUÍR:

RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA QUE SE VAI CONSTITUÍR	REPRESENTANTE LEGAL
NÚMERO DE TRABALLADORES PREVISTOS NA EMPRESA	
TOTAL (EN NÚMERO E EN LETRA)	PORCENTAXE DE EMPREGOS ESTABLES CON RESPECTO AO TOTAL
CON CONTRATO ESTABLE (EN NÚMERO E EN LETRA)	_____ %

Como representante legal da empresa, declaro baixo xuramento:

- 1.- Que me comprometo a crear, co investimento para que se solicita a subvención, _____ (en letra) postos de traballo indefinidos, e que a creación deles se realizará nun prazo de 5 anos contados desde a data de autorización de apertura pola Administración turística.
- 2.- Que me comprometo a acadar a porcentaxe mínima de estabilidade laboral, segundo os criterios desta orde de convocatoria, nun prazo de 5 anos contados desde a data de autorización de apertura concedida pola Administración turística.

_____, ____ de _____ de 200__.

O/A REPRESENTANTE LEGAL

ASDO.: _____ (NOME E APELIDOS)

³ As empresas xa constituídas pero que aínda non iniciaron a actividade económica curbirán o epígrafe B do presente anexo, especificando a dita circunstancia.

ANEXO III

BENEFICIARIO/A
ACCION

Após a notificación que se me realizou por parte da Dirección Xeral de Turismo, da concesión dunha subvención de _____ € para a execución do proxecto consistente en _____ e que conta cun investimento de execución de _____ €

EXPOÑO:

Que acepto esta e que me comprometo a cumprir todos os requisitos que me son exixibles segundo a orde da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo pola que se convocan subvencións para a creación de establecementos hoteleiros.

Así mesmo,

DECLARO:

O meu coñecemento expreso de todos e cada un dos requisitos exixidos na convocatoria, así como o réxime de infraccións e sancións legalmente establecido en materia de subvencións (artigo 79 TR da Lei 1/1999, do 7 de outubro, da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia).

_____, ____ de _____ de 200__.

O beneficiario / O representante legal

Asdo.: _____